

ORDENANZA TIPO DAS ACTIVIDADES COMERCIAIS SOMETIDAS Ó RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA.

Exposición de motivos

I. A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no comercio interior, publicada no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de decembro de 2006, establece as disposicións xerais necesarias para facilita-lo exercicio da liberdade de establecemento dos prestadores de servizos e a libre circulación dos servizos, mantendo, ó mesmo tempo, un nivel elevado de calidade nos servizos. Esta directiva dispón, entre outras medidas, que os Estados membros da Unión Europea só poderán supedita-lo acceso a unha actividade dos servizos e o seu exercicio a un réxime de autorización cando se reúnan as seguintes condicións:

- a) o réxime de autorización non é discriminatorio para o prestador de que se trata.
- b) A necesidade dun réxime de autorización está justificada por unha razón imperiosa de interese xeral.
- c) O obxectivo perseguido non se pode conseguir mediante unha medida menos restitiva, en concreto porque un control a posteriori se produciría demasiado tarde para ser realmente eficaz.

Esta directiva debía incorporarse ó dereito interno de cada estado, poñendo en vigor as disposicións legais e regulamentarias necesarias, antes do 28 de decembro de 2009.

II. En España, a incorporación produciuse mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE do 24/11/2009). Ademais, as Cortes Españolas aprobaron a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio citada (BOE do 23/12/2009). Esta lei modificou, entre outras normas, o artigo 84.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e queda redactado do seguinte modo: “As entidades locais poderán intervi-la actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

- a) Ordenanzas e bandos.
- b) Sometemento a licenza previa e outros actos de control preventivo. Non obstante, cando se trate do acceso e exercicio de actividades de servizos incluídas no ámbito de aplicación da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, ateranse ó disposto na devandita Lei.
- c) Sometemento a comunicación previa ou a declaración responsable, de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- d) Sometemento a control posterior ó inicio da actividade, para os efectos de verifica-lo cumprimento da normativa reguladora da dita actividade.

- e) Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición deste.

Ademais, engadiu o artigo 71 bis á Lei 30/1992, do 26 de novembro, relativo á declaración responsable e a comunicación.

Posteriormente, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible, engadiu un novo artigo 84. bis á Lei 7/1985, onde establece basicamente, e sen prexuízo do disposto no artigo 84, que, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo. Finalmente, esta lei engade un artigo 84 ter coa seguinte redacción: “Cando o exercicio das actividades non precise autorización que habilite e previa, as entidades locais deberán establecer e planifica-los procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da dita actividade polos interesados previstos na legislación sectorial”.

III. Regulamentariamente, modificouse mediante o Real Decreto 2009/2009, do 23 de decembro, o parágrafo 1 do artigo 22 do Regulamento de servizos das entidades locais, quedando coa seguinte redacción: “A apertura de establecementos industriais e mercantís poderá suxeitarse ós medios de intervención municipal, nos termos previstos na lexislación básica en materia de réxime local e na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio”.

- III. No ámbito autonómico, a Lei 13/2010, do 17 de novembro, do comercio interior de Galicia (DOG 29/12/2010), establece un marco xurídico para o desenvolvemento da actividade comercial en Galicia. Esta norma dispón que as actividades comerciais non suxeitas ó trámite de incidencia, efecto ou impacto ambientais nin ó informe da consellería titular da competencia de sanidade, estarán exentas da obtención de licenza municipal, bastando para o inicio desta a presentación dunha comunicación previa ou dunha declaración responsable (artigo 28). No ámbito desta ordenanza regúlase a comunicación previa como medio máis idóneo para o inicio da actividade que corresponda.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto.

Esta Ordenanza regula, conforme establece o artigo 28 da Lei de comercio interior de Galicia, as condicións, requisitos e procedemento que se han de seguir para a eficacia da comunicación previa do inicio de actividades comerciais non sometidas a avaliación ambiental nin autorización sanitaria, e de transmisión da titularidade de establecementos ou actividades comerciais.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. O ámbito de aplicación desta Ordenanza circunscríbese, territorialmente, ó Concello de Castrelo do Val, e, obxectivamente, ó inicio de calquera actividade comercial de carácter inocua prevista no artigo 2 da Lei de comercio interior de Galicia, que non se atope comprendida no ámbito do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, nin requira o oportuno informe da Consellería de Sanidade.

Artigo 3. Normativa administrativa.

As actuacións derivadas da aplicación desta Ordenanza axustaránse ás disposicións sobre procedemento, impugnación e réxime xurídico establecidas na normativa de Administración Local e lexislación do procedemento administrativo.

Capítulo II. Procedemento.

Artigo 4. Escrito de comunicación previa.

1. A comunicación previa formularase a instancia de calquera persoa interesada en iniciar unha actividade ou a través de representante autorizado e poderá presentarse en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. Se se pretende un cambio ou modificación dunha actividade suxeita a comunicación, deberá presentarse, xunto coa solicitude, a documentación referida ás partes interesadas e ós aspectos afectados pola modificación.
3. Cando a actividade supoña a realización de obras ou actos construtivos deberá achegarse, xunto coa comunicación previa, a solicitude da licenza de obras.

Artigo 5. Documentación necesaria.

1. A comunicación previa efectuada ó concello non exime da obtención das licenzas e autorizacións que esixa calquera norma sectorial para o inicio da actividade comercial.
2. Á comunicación previa, que se formulará segundo o modelo que figura como anexo I nesta ordenanza, deberá acompañarse, polo menos, a seguinte documentación:
 - a) Plano da localización do local, no que se aprecie claramente a súa delimitación, edificacións lindeiras e vías públicas inmediatas.
 - b) Bosquexo de planta do local onde se sitúa a actividade, con indicación do lugar de instalación de receptores eléctricos.
 - c) Memoria descritiva da actividade: breve memoria na que se describa en que consiste a actividade e tipo de materias ou produtos que se prevén en existencias ou en almacén.
3. No caso de que se solicítase licenza de obras para o mesmo local, non será necesaria a achega da documentación descrita nos apartados a) e b).

Artigo 6. Cambio de titularidade da actividade.

Os cambios de titularidade de establecementos e actividades comerciais axústanse unicamente ó deber de presentar unha comunicación previa, asinada pola persoa transmitente e adquirente. A comunicación previa formalizarase conforme co modelo que figura como anexo II desta ordenanza.

Artigo 7. Emendas de documentación.

1. Unha vez recibida a comunicación coa documentación que se chega, a persoa titular da Secretaría do concello comunicaralle ó interesado a data de recepción da comunicación e, se aprecia insuficiencia na documentación ou datos achegados, requirirao para que no prazo de dez días hábiles corrixa o preciso. Na mesma comunicación advertiralle das consecuencias de non o emendar en prazo.
2. En caso de que a actividade non se atope incluída entre as que son obxecto de comunicación previa, o alcalde ditará unha resolución na que declare a ineficacia da comunicación e requirirá ó interesado para que solicite oportuna licenza, e darase por concluído o expediente.

3. O requirimento de emendas de deficiencias interromperá o cómputo dos prazos previstos nesta ordenanza, en particular os previstos nos artigos 8.2 e 9.2, que empezarán a computarse de novo, unha vez salvado o trámite de que se trate.

Artigo 8. Efectos da comunicación.

1. A comunicación efectuada en forma permitirá exclusivamente o desenvolvemento da actividade concreta para a cal se efectuou, unha vez transcurrido o prazo sinalado no apartado 2 deste artigo. A efectividade da comunicación entenderase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo dos dereitos de terceiros.

A comunicación previa non terá ningún efecto en relación con calquera outros procedementos de autorización nos que o comunicante figure como interesado. En particular, non terá efectos respecto dos procedementos de solicitude de licenzas ou autorizacións que sexan esixibles, aínda cando estean relacionados coa actividade obxecto de comunicación previa.

2. Ata que non transcorra o prazo de vinte días hábiles dende a entrada da comunicación no rexistro correspondente, non poderá iniciarse a actividade.

3. O interesado deberá ter a disposición das distintas administracións o escrito de comunicación de inicio da actividade.

Artículo 9. Resolución de ineficacia.

1. Se o interesado en exerce-la actividade non corrixe os defectos requiridos pola Secretaría, a Alcaldía, que é o órgano competente, declarará a ineficacia da comunicación recibida, requirindo ó interesado para que cese na actividade, se xa a ten iniciada.

2. O Prazo máximo para resolver e notifica-la declaración de ineficacia será de vinte días hábiles dende a entrada da comunicación no Rexistro Xeral do concello.

Artigo 10. Resolución extemporánea.

A resolución da Alcaldía pola que se declara a ineficacia da comunicación previa, unha vez transcurrido o prazo de vinte días previsto nesta ordenanza, será plenamente válida e eficaz, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorre-lo concello polos danos e perdas causados a consecuencia da extemporaneidade da dita resolución.

Artigo 11. Comunicación á Xunta de Galicia.

Os datos contidos nas licencias de apertura de establecementos comerciais ou, se é o caso, nas comunicacións previas recibidas, serán comunicados á dirección xeral con competencia en materia de comercio para os efectos da súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio.

Artigo 12. Réxime de inspección.

1. O persoal designado para realizar labores de inspección das actividades gozará, no exercicio das súas funcións, da consideración de axente da autoridade, para efectos do disposto na lexislación penal, estando facultado para acceder, previa identificación e sen previo aviso, ás instalacións abertas ó público co fin de comproba-lo cumprimento do disposto nesta ordenanza.

2. Os titulares de actividades deberán presta-la colaboración necesaria ós inspectores, co fin de permitir-lles realizar calquera exame, control, tomas de mostras e recollida da información necesaria para o cumprimento da súa misión.

Artigo 13. Denuncias.

1. Calquera persoa física ou xurídica poderá denunciar, por escrito, ante o concello, aquelas actividades que contraveñan as prescricións desta ordenanza.
2. De resulta-la denuncia temerariamente infundada serán de cargo do denunciante os gastos que se orixinen pola inspección que o concello realice.

Disposición final.

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ANEXO I: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

Don/Dona....., maior de idade, con DNI nº para os efectos de notificación na rúa de, teléfono, enderezo de correo electrónico, que actúa en nome propio/representación deEXPÓN:

I. Que é posuidor/a do local situado en, con referencia catastral, inscrito no Rexistro da Propiedade de no tomo, páxina

II. Para o citado local obtívoase licencia de obras no establecemento indicado/modificación do seu uso, de se-lo caso.

III. É intención do comunicante desenvolver no local a actividade comercial consistente en

IV. A teor do anterior, e ó abeiro da liberdade de establecemento e libre prestación de servizos, determinada na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio da actividade de

V. Achego a seguinte documentación:

- Memoria descritiva da actividade, na que se describe en que consiste a actividade e tipo de materias ou produtos que se prevén en existencias ou en almacén.
- Plano de localización do local, no que se aprecia claramente a súa delimitación, casas lindeiras e vías públicas inmediatas.
- Deseños de planta do local onde se sitúa a actividade con indicación do lugar de instalación de receptores eléctricos.

Segundo o exposto, comunica con carácter previo a apertura do establecemento para a actividade indicada, con efectos do día de de 20

....., de de 20.....

Asdo:

ANEXO II: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE TRANSMISIÓN DE TITULARIDADE

Don/Dona, maior de idade, con DNI nº, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa, de, teléfono, enderezo de correo electrónico, que actúa en nome propio/representación de,e Don/Dona, maior de idade, con DNI nº, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa, de, teléfono, enderezo de correo electrónico, que actúa en nome propio/representación de,

EXPÓN:

I. Que don/dona, é titular do establecemento comercial

II. Que don/dona transmitiulle a don/dona a actividade de, mediante documento de

III. Que, baseándose no establecido no artigo 28.4 da Lei de comercio interior de Galicia, procede a transmisión da actividade comercial/establecemento, co fin de que o adquirente poida exercela a partir da data de cambio de titularidade.

Segundo o exposto, comunica con carácter previo a transmisión da actividade/establecemento de, con efectos do día de de 20.....
....., de de 20.....

Asdo.....
TRANSMITENTE

Asdo
ADQUIRENTE